



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de marzo de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día un de marzo de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(143).- APROBACIÓN DO PROXECTO “OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VII”, E PROPOSTA DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIÓN (ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2020). EXPTE. 18011/77.

Visto o informe de fiscalización de data 23/02/2021, dáse conta do informe-proposta do 17/02/2021, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 22, do 3 de febreiro, publicouse a Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A).

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "Formaweb I, II, III", Obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA" I, II, III, IV, V e VI") un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "**VIGO CAPACITA VII**", propoñendo as especialidades de **Cociña e Servizos de Restaurante**, pola demanda existente destas profesións, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 09/02/2021 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 31 de decembro de 2020.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e os servizos de Restaurante levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "**Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII**" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.



Concello de Vigo

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante (HOTR0608)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

A duración do “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII” está establecida en 9 meses e a data prevista de inicio é o 01 de xullo do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra” e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

- o III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por importe de **346.946,00 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro VIGO CAPACITA VII, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “*ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021*”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2021 e 2022 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de xullo de 2021.

<u>Partida</u>	<u>2021</u>	<u>2022</u>
2410 1310001 PROG.INSERC.LABORAL MULLERES VVG	22.500,50€	22.500,50€

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego , nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, publicado no DOG. núm. 22, do 3 de febreiro.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2021 e 2022, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar no Concelleiro de Cultura e Emprego, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA VII”.



Concello de Vigo

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

2(144).- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022, DESIGNACIÓN REPRESENTANTE MUNICIPAL PARA AS CORRESPONDENTES TRAMITACIÓNS E APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”. EXPTE. 812/441.

Visto o informe de fiscalización do 25/02/2021, dáse conta do informe-proposta do 24/02/2021, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Serizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Mediante resolución do 28.12.2020 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022”, dirixidas ao fomento a promoción dos investimentos en infraestruturas relacionadas coas explotacións e, en particular, a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características .

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 65.132,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 32.566,00 € na anualidade do 2021 e 32.566,00 € en 2022.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto global.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de iluminación, abastecemento e saneamento de augas fecais..
4. Os gastos de redacción de proxecto nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
5. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.

7. O cartel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de "MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)".

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello de Vigo terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), ademais do cartel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no punto quinto do anexo III da Resolución do 28 de decembro de 2020, para a concesión directa, mediante resolución, do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022".

II.- O procedemento a seguir será o seguinte:

- Presentación da solicitude do Concello de Vigo ante AGADER, acompañada da documentación que figura no artigo 9 "Documentación que teñen que presentar as entidades solicitantes" das Normas para a xestión do procedemento de concesión directa do "Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022":

"Xunto co formulario normalizado de solicitude (anexo IV), os concellos interesados deberán achegar a seguinte documentación:

a) Proxecto de obra, nos termos previstos no artigo 4.4.a) destas normas.

b) Certificación expedida pola persoa titular da Secretaría da entidade local, acreditativa dos seguintes aspectos:

1º. Da designación legal do representante da entidade solicitante.

2º. Do acordo da entidade municipal relativo á participación neste plan de mellora de camiños.

3º. Da titularidade municipal dos camiños.

c) Certificación da persoa titular da Secretaría ou da Intervención municipal acreditativa de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude da axuda.

d) Informe do/da técnico/a municipal competente, onde se indique:

1º. Intervencións realizadas en cada unha das actuacións propostas no proxecto nos últimos 5 anos, sinalarase, de ser o caso, a natureza das obras, ano e procedencia dos fondos financeiros das citadas intervencións.

2º. Se para executar as obras resulta necesaria a dispoñibilidade de terreos privados lindeiros coas actuacións propostas. En caso afirmativo, xunto con este informe deberán remitirse os documentos acreditativos das cesións ou autorizacións das persoas propietarias dos terreos afectados.

3º. Se o proxecto cumpre coa lexislación urbanística e sectorial, así como co planeamento en vigor.

4º. Se para a execución das obras resultan necesarios permisos e/ou autorizacións sectoriais, con indicación daqueles que se deben incorporar ao expediente."

- Solicitude por parte do Concello de Vigo a AGADER de levantamento de Acta de non inicio da obra previamente á aprobación da solicitude realizada.



Concello de Vigo

- Notificación ao Concello de Vigo de que a actuación pode ser incluída no PLAN.

III.- Polo departamento de Fomento, preséntase proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24/02/2021.

Dito proxecto prevé as seguintes actuacións:

- Preparación de camiño por medios manuais ou mecánicos en 772,00m².
- Corte de pavimento asfáltico ou de formigón nunha lonxitude de 75,00m.
- Fresado de espesor 5cm en 2.100,00m², rego de adherencia e extensión de capa de rodaxe AC16 surf 50/70D de espesor 5cm, posterior recrecido e posta en rasante dos pozos de servizos existentes, contabilizáronse 8 unidades, así como 36 rexistros de formigón e reposición de 6 tapas de fundición.
- Reporase a marca vial dos bordos de calzada nunha lonxitude de 2.316m e 100 metros cadrados de marca vial reflexiva.
- Tense en conta a xestión dos residuos xerados polos traballos, así como o capítulo correspondente á seguridade e saúde.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 meses.

IV.- O camiño Valada (Valadares) é de titularidade municipal, polo que dispónse da totalidade dos terreos para a execución das obras. Non se require de ocupación de terreos adicionais, para a execución dos traballos previstos, fora do ámbito da propia vía.

V.- Os prezos das unidades de obra son os que figuran no cadro de prezos vixentes do SEAGA, que cumpren co establecido nas normas para a xestión do procedemento de concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

O orzamento de execución material ascende á cantidade de 66.292,29 euros, e aplicándolle a porcentaxe do 13 % en concepto de gastos xerais e do 6 % en concepto de beneficio industrial, resulta a cantidade de 78.887,83 euros, cantidade superior en 13.755,83€ á asignación máxima da axuda para o Concello de Vigo.

Aplicando a dito importe o porcentaxe do 21 % en concepto de IVE, resulta a cantidade de 16.566,44 euros en concepto de IVE, ascendendo o orzamento base de licitación a un total de 95.454,27 euros.

Polo tanto, a porcentaxe susceptible de asignación con cargo ao PLAN respecto ao orzamento do proxecto “MELLORA E REFORZO DO FIRME NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, é dun 82,56%, cun restante 17,44% que será financiado polo Concello de Vigo con cargo a fondos propios da Concellería de Fomento, na partida orzamentaria 1532.210.0000 (CONSERVACIÓN DE VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS).

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 24.02.2021 informe indicando o seguinte:

“O proxecto básico presentado reúne toda a documentación necesaria para poder solicitar autorizacións .de augas de Galicia por actuar na zona de servidume, así como acceder a fondos de finalización como proxecto básico consta da documentación que require o RD 314/2006, no seu anexo 1 (contido de proxecto básico).

No aspecto urbanístico atopase dentro de varias cualificacións de solo, sendo solo urbano a solo no urbanizable, non se prevé unha nova apertura de vial, Xa que as obras tratan de renovar pavimentación xa existente.

CONCLUSIÓN:

Tendo en conta que a obra a executar e completa, unha vez finalizada pode ser entregado a o uso público.. Pero e necesario para poder efectuar o correspondente proxecto construtivo este documento básico previa aprobación pola Xunta goberno sexa enviado a informe de Augas de Galicia, por atoparse dentro do ámbito de protección de un río, y a súa vez sirva para solicitude de axuda económica a organismos correspondentes.

A sua vez tendo en conta as determinacións que fixa o art 233.2 da lei 9/2017, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, Planos e Presuposto, Polo que os documentos dos que consta o proxecto, definen as características das obras a executar.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).



Concello de Vigo

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que, previo informe da fiscalización da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Designar ao Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, D. Jerónimo Centrón Castañón, con D.N.I. 36.100.978-V, como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas para a concesión directa, mediante resolución, previstas para este Concello no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022”.

SEGUNDO.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022”.

TERCEIRO.- Aprobar o proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2020 e sinatura dixital de data 24/02/2021.

CUARTO.- Remitir o presente acordo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan Marco.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez